

Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación

cursos_ congresos_ simposios



RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial de:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña 2011

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial:

BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano, SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel

A Coruña, 2011

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Cursos-Congresos-Simposios, n.º 117

N.º de páxinas: 216

Índice, páxina: 5

ISBN: 978-84-9749-475-5

ISBN: 978-84-9749-771-8 (electrónico)

Depósito legal: C 1033-2011

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718>

CDU: 80: Lingüística. Filoloxía.

811.134.4: Galego.

821.134.4: Literatura galega

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,

36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.

Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91-725 90 72.

Fax: 91- 713 06 31. Correo electrónico: breogan@breogan.org.

Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Servizo de Publicacións da UDC

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Nota dos editores	7
A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero Rosario Álvarez	13
<i>Auto do prisioneiro</i> nas Mostras de Ribadavia: a recepción cénica da obra dramática de Carvalho Calero no período refundacional do teatro galego Carlos Caetano Biscainho Fernandes	31
Momentos de memoria persoal e comunal de RCC Carmen Blanco	49
Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro Xosé Ramón Freixero Mato	67
Pensamento, intervención e ciencia María Pilar García Negro	87
Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza Francisco Rodríguez Sánchez	91
O labor universitario de Ricardo Carvalho Calero José Luís Rodríguez	111
Etapas no pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero José-Martinho Montero Santalha	127
Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega Bernardo Penabade Rei	147
Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero Henrique Rabuñal	157
Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio Francisco Salinas Portugal	175
A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero Goretti Sanmartín Rei	187
O teatro de Ricardo Carvalho Calero Laura Tato Fontaiña	201

Momentos de memoria persoal e comunal de RCC

Carmen Blanco

-Universidade de Santiago de Compostela-

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718.049>

A Martín Blanco García e Carmen Domínguez Nogueira.

A Narciso de Gabriel Fernández e Fina Gómez Vázquez.

A Xohana Torres.

*con suma timidez, pois a bailarina de **striptease** ha estar mui convencida da beleza das suas formas para despi-las publicamente sen desacougo, aveño-me a tencionar a iluminación de alguns aspectos do meu traballo, sen a tranquilidade con que á conciencia da sua própia beleza pode confortar à profesional que a exhibe.*

Ricardo Carballo Calero, *Sobre o seu teatro*

1. *Striptease* parcial

Quero iluminar algo do meu traballo realizado sobre RCC. E quero facelo con tranquila cordialidade, porque a bailarina de *striptease* está convencida da beleza duns seus pensamentos, que a confortan e que exhibe publicamente para a aniquilación pacífica da opinión violenta de todos os poderes que se pretenden impoñer. E fágoos con toda a paciencia da paz insubmisiva e do silencio resistente sobre os males, fronte ás guerras dos amos e os ecos dos seus cans. E quero procurar só a dignidade e a intelixencia do mestre.

2. Creación en homenaxe

Cando escribín *Atracción total* fixeno con todo o que sabía e non sabía neses momentos e con todo o que vivira, como un grazas á vida e para moito máis alá. E aí estaba algo da vida de RCC. Do aprendido nela. *Atracción total* é e non é unha novela, como as novelas de RCC. E vai e non vai no ronsel das verdades múltiples da vida vivida de *Scórpico* ou de *Arredor de si*. E RCC está en *Atracción total*, xunto a José Ángel Valente, na inspiración consciente dun soño inventado para que a vida soñada poda ser vivida. A verdade vital está neste soño máis alá das palabras porque as palabras reais ditas polos personaxes foron veladas para que quedase só a poesía da verba xerminada oculta en ditos como «Os pitos das derradeiras poladas poden ensaiar o seu kikirikí no curral doméstico. Eiquí pódense facer a ilusión de que se tragan os galos vellos» ou «Non te fíes nunca dun poeta mediocre»... O soño di así:

O soño dos dous mestres

No soño apareceran os dous Mestres. O Mestre Marxinado dixeran *que non te importe o desagrado*. O Mestre Recoñecido dixeran *se é que isto fose posible, non sexas nunca inxenua*. Había que resistir contra todo mesmo contra unha mesma (Blanco 2008a: 76)

E en *Atracción total* está tamén RCC en homenaxe á súa dignidade como persoa represaliada a consecuencia do levantamento militar de 1936, xunto á súa muller, á que el lle deu o fermoso nome literario de Silgar, pola praia de Sanxenxo, na que nace Venus. Porque, para min, María Ignacia Ramos foi, aínda máis que o seu home, unha moi boa informante da memoria oculta da represión franquista e da memoria da vida privada e cotiá (Blanco 1991a: 43). Por ela souben cousas como que Ánxel Fole deixara de levar a bufanda branca da xuventude co golpe militar ou que no Castro de Samoedo Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias de Castro, Mimina, tiñan unha casa pequena de dous artistas (Blanco 2008a: 166-167; Graña Pérez 2003: 89-109). E ela deume a foto que Mercedes Pimentel lle dera durante a guerra para ser enviada ao seu mozo no bando republicano. En *Atracción total* quixen homenaxear xuntas as dúas parellas republicanas que forman parte da historia do Lugo da guerra e do exilio interior e exterior prolongada máis alá de Lugo, Carballo Calero e María Ignacia Ramos, e Manuel García Pelayo e Mercedes Pimentel (Blanco 1995b: 125-128):

Mercedes Pimentel e María Silgar

Mercedes Pimentel e María Silgar permanecían resistentes no Lugo tomado polo levantamento fascista de 1936 mentres Manuel García Pelayo e Ricardo Carballo Calero loitaban lonxe delas defendendo a República. As dúas facían o imposible por establecer contacto cos homes da súa vida e Mercedes deulle a María unha fotografía dela sentada sorrindo nun banco de pedra do parque Rosalía de Castro baixo as árbores para que Ila fixese chegar ao seu mozo, a través da Cruz Vermella, cando María consegue, por ese medio, pórse en contacto coa zona republicana. Esta entrega foi imposible. Mercedes aínda tivo que seguir sorrindo clandestinamente no parque baixo as árbores só para o seu amado ausente no Lugo sitiado polo terror ata que se puido reunir con el para acompañalo no durísimo itinerario do exilio en Arxentina, Porto Rico e Venezuela. Ela deixounos para sempre as súas traducións do alemán no esperanzador vangardismo lugués de Ronsel e Yunque anterior ao desastre e a Lugo volveu desde o exilio o seu corpo morto en Caracas en 1965. Pola súa parte, no mesmo Lugo aquel sitiado polo terror, María trataba de levar con ilusión o embarazo e o coidado da súa filla Magalí, que o pai non puido coñecer ata a súa volta a Galicia despois da guerra e do cárcere, e logo, co seu traballo incansable, sería a compañeira imprescindible do seu home no durísimo exilio interior da ditadura. Na torre de Fingoi en Lugo, onde viviu un tempo a parella acollida polo galeguismo resistente, aínda se escoita a voz de María léndolle ao seu home canso as pasaxes máis esquecidas da literatura galega que logo el reviviría (Blanco 2008a: 162).

3. Primeira memoria en Lugo

Coñecín a Ricardo Carballo Calero en Lugo sendo eu nena e alumna de primeira ensinanza no Colexio Fingoi, unha institución promovida polo galeguista Antonio Fernández seguindo os principios do humanismo racional e experimental derivados da Institución Libre de Enseñanza. El exercía as funcións de director nesa illa de ensino mixto, integral e integrado no medio, excepcional no contexto da educación nacional-católica da ditadura franquista, mantendo un difícil equilibrio entre os principios pedagóxicos institucionistas do dono da empresa, os seus propios e outros diversos máis ou menos imperantes. Nas cartas ao seu amigo e «irmán» no Partido Galeguista Francisco Fernández del Riego hai constatacións dalgunhas das complexidades deste traballo en Fingoi, como esta relativa á absoluta singularidade dese centro educativo:

Hai dificultades provintes das circunstancias xerás e outras da orixinalísima singularidade do noso Centro, orixinalidade que consiste principalmente en facer ao revés de cómo se fai en todos os demás Centros. En calquera xestión que realice, o primeiro que teño que facer é desfacer a crencia do meu interlocutor de que Fingoy pertence a unha especie común, e informalo de que é o único individuo dunha especie «sui generis», o que moitos non entenden endexamáis, e a outros asústaos tremendamente. Teño a sensación de que a cada intre poden perder o leme, e a non se ir a pique, sen que me sexa posíble desembarcar (Carballo Calero 2006: 306-307)

Como director era estrito e impuña disciplina e cortesía con altas doses de sabedoría irónica, que se podía manifestar coa máis seria gravidade ou co humor máis distendido. Por tal motivo, era temido. Mais eu non lle tiña medo e admirábao en moitos sentidos, xa que, pola miña memoria familiar sabía quen era e coñecía en abstracto a súa situación de exiliado interior e o valor da súa personalidade intelectual, histórica e cultural, que el levaba no colexio con absoluta discreción, modestia e anonimato. Logo sabería que Carballo fora afiliado á Unión General de Trabaxadores, miliciano nun batallón da Federación Española de Trabaxadores de la Enseñanza e tenente do exército republicano, como o meu avó materno fora afiliado á UGT, miliciano nun batallón de transmisións e tenente do exército republicano, aínda que as distancias entre eles fosen moitas, comezando polos seus respectivos estatus sociais, o intelectual e o proletario (Blanco 2008b: 135-144).

Cando as alumnas e os alumnos nos cruzabamos con el pola rúa saudabámolo cun «Usted lo pase bien, don Ricardo». Mais nas zonas de recreo do recinto escolar construído polo arquitecto Manuel Gómez Román, integrante do mesmo Partido Galeguista ca el, víámolo andar en bicicleta, como *Copi*, un dos nomes secretos que o acumaban, tomado do coñecido ciclista italiano. No comedor sentabamos en

mesas de catro do mesmo sexo e, ás veces, se faltaba alguén, tocábanos comer con el e había que saber manter unha conversa interesante, ademais de saber sentar e dominar as artes da boa mesa. Cando vixiaba o comedor falaba con nós de maneira filosófica e poética, e divertíase estimulando o noso pensamento e a nosa imaxinación. Lembro sempre «a mesa dos contos», como lle chamaba á mesa do comedor na que unha tempada estivemos Dina Bohorque, eu, Rosa Varela Puga e Angelines Penas Truque. Parábase ante nós e dicíanos «esta é a mesa dos contos» e logo explicábanos quen era cada unha: Angelines era Peter Pan, Rosa era A Bela Dormente do Bosque, eu era Branca Neves e Dina era a autora dos contos. Aquela recreación máxica asombrábanos. Moito despois, no tempo no que recreei eses mesmos contos clásicos e outros máis, cando escribía *Vermella con lobos* sorría para min moitas veces pensando no que ríamos nos anos sesenta as nenas reais dos contos e a moza autora con aquela invención de Carballo. En 1964 escoitei por primeira vez unha conferencia súa; foi con motivo do meu exercicio de ingreso no bacharelato, no que tiven que realizar un resumo dunha disertación que el pronunciou sobre a vaca rubia galega: o seu claro relatorio foi a primeira conferencia que escoitei na miña vida e resultárame interesantísima.

En primeiro de bacharelato, con 10 anos, fun alumna súa na materia de lingua española e coñecín entón a súa intelixencia clásica, despregada nunha didáctica da claridade, da orde e da exactitude do pensamento e da palabra, no discurso oral e escrito. Ensinábanos a un tempo a pensar con criterio propio, a falar, a escribir, a redactar e a interpretar en castelán, primordialmente, mais tamén en galego. Coñecín entón o profesor lúcido e profético, duro e esixente, pedagogo dialéctico e irónico, poeta e patriarca filóxino, que recoñecía a intelixencia das alumnas e as trataba cunha deferenza diferente do trato que lles daba aos alumnos. A eles, ás veces, facíaos chorar. A elas dicíalles «No sabe... No contesta... ¡Ah! ¿Es una flor? Hay que regarla...» Unha vez un compañeiro empregou con lucidez a palabra «guapo» para referirse a alguén de xénero masculino e Carballo explicoulle que tal cualificación era un uso lingüístico incorrecto. Nese curso aprendín cousas como dicir con sentido o poema de Rosalía de Castro «*¡Follas novas!*, risa dáme / ese nome que levás»; que o galego non era un dialecto, tal como se prexulgaba maioritariamente entón, senón unha lingua; que non só había que saber escribir correctamente o nome do presidente da República francesa, senón distinguir os pequenos paxaros que nos rodeaban, sabendo se eran pardaos ou gorrións, e coñecer os nomes dos ríos que pasaban polos lugares nos que vivíamos; ou que en Galicia os tellados non todos eran de lousa gris, como eran daquela en Lugo... Tiña dotes extraordinarias para o coñecemento profundo. Sabía de nós de contado. A comezo de curso a min mandoume sentar na

súa mesa, a do profesor, e escribir os nomes de todo o alumnado en follas correspondentes do seu caderno de cualificacións mentres el paseaba a aula impartindo a lección. Sen dúbida, a miña clara letra de imprenta era perfecta para o caso, tal como el sabía e logo constatou. Mais a miña profunda pulsión de «perfeccionista» que escribía gravando en relevo non lle pareceu tan perfecta. Pero así quedou confeccionado o seu caderno de cualificacións de lingua española coa caligrafía miña. Unha vez mandounos facer en casa unha redacción en castelán e eu fixen un conto no que había unha bruxa, unhas castañas e unhas palabras e expresións galegas que me dixera meu pai. Aquilo encantáralle. Non sei se foi por isto ou por outras cousas, o caso é que un día me fixo no comedor unha desas preguntas imperativas e comprometedoras que adoitaba facer: dígame cal é o mellor alumno da clase. Eu pensei con lóxica racionalista e dinlle unha resposta matemática que consideraba exacta e incuestionable, dicindo o nome da compañeira e amiga que tiña as notas máis altas. Mal, replicoume; non; é vostede. E marchou sen dicir máis nada. No momento non o entendín, pensei que non acertara a resposta ou que a súa réplica era unha das ironías ou das ambigüidades coas que nos inducía ao paseo polo pensamento cara ao coñecemento interminable, como cando nos dicía «no dice nada!, pues váyase a nadar». Mais logo souben que así era para el. O futuro confirmou certas coincidencias entre mestre e discípula, pero entre as miñas compañeiras e compañeiros había xente magnífica. Porque, como el tamén dicía, o noso curso era unha promoción excelente.

Agora penso que ao mellor foi do Carballo profesor de ensino medio de quen aprendín a dar as clases de pé e de maneira peripatética. Aínda escoito os seus pasos. E, sen dúbida, tamén aprendín del, como de miña nai e de meu pai, os meus primeiros mestres na casa, a ensinar a vida e para a vida, só que eu empreguei sempre un estilo libertario orixinado na miña casa, un estilo, nisto, totalmente distinto ao de Carballo.

Pasados os anos, en 1972, cando eu xa lía os seus libros, merquei na Librería Alonso da Praza do Campo de Lugo *Salterio de Fingoy*, que para min levaba no nome un lugar de vida compartida en parte. Nestes primeiros momentos de nena en Lugo coñecín o poeta que RCC quixo ser sempre e do que quixen dar tamén eu sempre testemuño. O creador que chamaba ás súas fillas coa beleza dos nomes de Magalí e Chan (Blanco 1989: 33). O poeta dos *Poemas pendurados dun cabelo*. E coñecín a profesora de ensino público María Ignacia Ramos que ía á praza facer a compra cun cesto de vimbio na mesma furgoneta do colexio que nos levaba ás rapazas a aprender a mercar os queixos probando se sabían.

4. Memoria moza en Compostela

Cando fun estudar Filoloxía Románica a Compostela tíveno de profesor en materias de lingua galega e en literatura galega medieval. Como docente universitario, no período próximo á morte de Franco, mantíñase nos límites da corrección profesoral canónica. Como a min me coñecía desde nena, amoestábame, cando me atopaba pola rúa ou no mercado, por non ir a clase; ou mostrábame, nas aulas e nos exames, de maneira persoal e individual, a súa clara discrepancia con algunhas interpretacións literarias ou ideolóxicas miñas, igual que fixen eu, tamén de maneira aberta, con algunha actuación súa. Nunha materia de lingua que el impartía tiñamos que facer un exame a comezo de curso ao que había que entrar por orde de lista en posesión do dicionario de Xosé Luís Franco Grande editado por Galaxia e do libro *A vida e a fala dos devanceiros* de Xesús Ferro Couselo editado pola Fundación Penzol. Eu mercara as dúas obras pero unha compañeira miña non tiña medios económicos para adquirir o libro de Ferro Couselo e acordamos compartilo. Pola miña sensibilidade anticlasista eu estaba en desacordo con aquela proba de control de libros, aínda que a comprendese e soubese as boas causas educativas que a promovían. E, para actuar manifestando o meu desacordo coa medida e a miña solidariedade de clase popular, acudín á entrada do exame coas dúas obras, entregueille *A vida e fala dos devanceiros* diante del á miña amiga, que entrou no exame, e eu quedei, en consecuencia, fóra da aula e da proba. El lembraba con distanciamento cordial este libertario acto utópico meu. Eu lembro a súa memoria histórica solidaria e o seu apoio ao galeguismo dirixido polo grupo Galaxia que nos permitían asistir á vida cotiá do Ourense do tránsito da idade media á moderna, para comprender a nosa historia persoal e colectiva, e ter entre as nosas cousas un dicionario da lingua galega, un libro dunha persoa que vivira a guerra no banco republicano e mesmo un xerme de futura biblioteca. Con posterioridade, eu adaptaría ao meu estilo persoal o esencial destas boas causas didácticas súas, mais sempre con liberdade e flexibilidade ante as posibles diversidades do alumnado. Desde nena fun moi sensible ante a inxustiza das desigualdades sociais. Coñecía moitas en profundidade e vivira algunhas en persoas próximas ou en min no propio Colexio Fingoi. Lembro a autoafirmación da miña nai cando decidiu non gastar uns cartos que estaban contados en facerme un traxe de galega, pese ao que apreciaba a arte da roupa, para os bailes das celebracións festivas e así llo foi manifestar en privado á profesora Concepción Fernández, da Sección Femenina, que dirixía ditas celebración e que era amiga súa. Os traxes de galega cos que bailei nesas festas foron prestados da colección persoal que o mecenas Antonio Fernández poñía a disposición do Colexio.

Do Carballo profesor universitario aprendín algo que logo practiquei co meu alumnado: o contacto material e físico cos libros, tanto cos libros de creación como cos libros de ciencia lingüística e literaria. As súas aulas complementábanse coa visión e a manipulación da bibliografía en seminarios. Era este un acto importante no proceso do ensino integral para aprender o amor aos libros, un paso previo para desexar a súa lectura e un primeiro estadio para coñecer o seu valor. Eu trasladei esta actividade ás propias aulas na miña docencia universitaria. Lembro tamén unha sabia actitude súa que daquela era considerada excesiva: a esixencia absoluta da abstención de fumar nas aulas e a dura amoestación a quen fumase. Entón era maioritaria a falsa asociación do fumar coa liberdade e aínda non estaba tan estendido o coñecemento dos males físicos que causaba o tabaco. El fora fumador ata 1969 e facíalle dano: ao sentir o fume, abría de par en par as fiestras e obrigaba ao cumprimento da norma.

Pasado o período en que eu fora alumna súa e cando xa el estaba xubilado, outra ex alumna del, Xohana Torres, que o fora, coma min, de nena, mais no Ferrol, deu lugar indirectamente a un novo contacto entre nós. A raíz da lectura das recensións de *Estacións ao mar* da poeta, publicadas por min nas revistas *Grial* e *Colóquio / Letras*, Carvalho pedíume, a través de Araceli Herrero, outra alumna súa xa desde Lugo, que o fose visitar ao seu despacho da Facultade de Filoloxía. Así fixen. E desde aquela establecemos unha relación intelectual entre as persoas ben distintas que eramos. Mais tal relación fíxose moito máis intensa desde que el aceptou o proxecto do libro de conversas que me propuxera facer Carlos Casares para a Editorial Galaxia. Nun primeiro momento esixiu que levase as preguntas por escrito para lelas antes, mais, despois da primeira sesión, xa se sentiu cómodo, e, no tránsito entre 1983 e 1984, gravamos unhas trinta horas, nas súas casas familiares de Lugo e Compostela, na Rúa Nova e na Carreira do Conde, nas que falou sen guión, mostrando as súas magníficas dotes oratorias no dominio, a un tempo, da improvisación e da precisión. Só houbo dous momentos para el problemáticos. O primeiro, cando lle preguntei sobre a guerra civil, que me contestou que non quería falar nada dese tema e tiven que apagar a gravadora; non foi nada doado convencelo de que era importante que falase desa memoria silenciada e, aínda despois de convencido, a dor que lle ocasionaba, fíxolle ser moi parco e pouco explícito nas súas respostas gravadas; mais rompeu un silencio que logo agromaría na súa obra e noutros momentos das conversas. E o segundo, cando lle preguntei por Realidade Galega, que contestou con moito tino pero que, aínda así, despois de dar a resposta e non quedar conforme con ela, quixo gravar outra nova máis conveniente, e pedíume que non dese a coñecer no libro a primeira resposta.

Rematadas as gravacións para a publicación na colección de conversas de Galaxia, o material foi enviado á editorial para a súa transcripción, pero o proceso adiábase e adiábase sen que eu soubese o porqué e sen que tal paralización do traballo estivese en coñecemento da dirección da editorial, segundo o testemuño posterior do propio Carlos Casares, que me deu o nome da persoa responsable do feito e que me pediu que eu mesma encargase a alguén a transcripción para resolver o problema. E así foi como transcribiu con eficiencia as conversas a compañeira do meu irmán Martín, Carmen Domínguez Nogueira, próxima ao mundo persoal e literario de Carballo por ser do Cádavo, o lugar do que procedía a muller do autor de *A xente da Barreira*, novela ambientada nese espazo lucense. E, finalmente, as miñas *Conversas con Carballo Calero* publicaríanse en 1989 con fotografías na portada e no interior feitas polo fotógrafo Eduardo Rodríguez Ochoa, tamén elixido por min, coa mesma liberdade que Casares me dera para escoller a transcritora. Desta maneira e con motivo da edición do libro, Ochoa non só realizou en 1986 o retrato de perfil en sombra, característico da colección de Galaxia, senón tamén o retrato do entrevistado e da entrevistadora que aparece no interior, nunha garda e nunha lapela do libro, tamén caracterizado polas sombras de contrastes expresionistas propias do fotógrafo lugués, ao igual que a serie fotográfica del só e del e mais eu, na súa casa do Carril dos Loureiros, no miradoiro do parque Rosalía de Castro e no claustro da catedral de Lugo. Desta serie de Ochoa, *Conversas con Carballo Calero* recolle un retrato de Carvalho no seu despacho da casa do Carril dos Loureiros e en escritos meus posteriores aparecerán distintos retratos do autor de *Scórpico* e fotografías del comigo neses distintos lugares de Lugo (Blanco 1991a; 1991b: 9).

Conversas con Carballo Calero foi o meu primeiro libro publicado e foi un libro pedido para ser publicado dentro dunha colección de conversas con distintas personalidades da cultura galega, que foron encargadas tamén a diversas persoas, que non chegaron a realizar o proxecto, fóra do propio Carlos Casares e mais eu. Desta maneira, a colección quedou reducida a dous números, o 1, *Conversas con Ánxel Fole*, e o 2, *Conversas con Carballo Calero*. No «Prólogo» deste último libro non só queda caracterizada a obra, senón tamén precisada, en positivo, a miña visión deste destacado intelectual e a relación que tiven e sigo tendo con el:

[...] este libro está dedicado a Ricardo Carballo Calero, profesor meu xa no Colexio Fingoi e logo na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, así como mestre na crítica literaria, autor lido sempre con interese e exemplo no traballo incansable pola súa Galicia ideal. Trátase pois dunha homenaxe ao profesor, ao mestre, ao escritor, ao galego, e ao amigo.

Agora ben, este libro, como calquera outro que teña algunha pretensión de obxectividade, non está escrito desde ningunha clase de adhesión interesa-

da ou cega, senón desde a sincera admiración e desde o auténtico recoñecemento crítico (Blanco 1989: 11).

Nestes momentos de muller nova en Compostela e Lugo confirmei algo que coñecía de nena en Fingoi: RCC era unha persoa absolutamente esixente con el mesmo e coas demais persoas, coas que era tanto máis esixente canto máis próximas estaban, en si mesmas ou na relación con el, a algúns aspectos que el consideraba máis transcendentais da humanidade. E na relación con el nestes anos, a miña memoria galeguista e os meus coñecementos sobre Galicia medraron en múltiples nomes e matices, souben máis dos significados dos silencios que falan e alimentei a miña intelixencia coas leccións contra o dogmatismo e contra as atrocidades da guerra de *Scórpio*. Mais, sen dúbida, foi a súa sabedoría filóxina a que o fixo para min un mestre máis exclusivo. Moitas foron as cousas das mulleres que aprendín del. E gardo de maneira moi especial unha das súas máximas profeminimas de actuación na sociedade misóxina e sexista na que as mulleres somos estrañas estranxeiras: non hai que tomar a mal o comportamento inconveniente das mulleres. Foron numerosos os casos de figuras de fémias cos que me ilustrou este asunto.

5. Memoria nos Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia

Nos últimos momentos da vida de Carballo eu comunicáralle que estaba preparando outro libro sobre el, aproveitando boa parte das conversas que quedaran fóra do de Galaxia por razóns de espazo e que me parecían de interese. Díxenlle que era un libro no que quería rescatar a súa primeira conferencia, pronunciada no Centro Obrero de Cultura do Ferrol en 1929 e titulada «En torno a las ideas comunistas de Platón», para facer memoria dos seus comezos intelectuais e do seu progresismo esquerdista de preguerra, a semellanza do que el mesmo fixera coa publicación, na colección «Documentos para a historia contemporánea de Galicia» de Edicións do Castro, de *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*, para dar a coñecer as súas actividades políticas e culturais de mozo en Compostela. Gustou do proxecto dun novo libro, mais mostrouse moi distanciada da inxenuidade do texto da súa primeira conferencia e non lle gustaba verse asociado ás «ideas comunistas» que aparecían no título da conferencia porque poderían dar lugar a equívocos. A esas alturas el xa era o autor da peza teatral «Os xefes» e de *Scórpio*.

En 1991, xa morto Carballo, saíra *Carballo Calero: política e cultura* nesa mesma colección Documentos de Edicións do Castro dedicada á recuperación da memoria histórica. O libro ía precedido dunha cita do poema de Xohana Torres que aparece na *Homenaxe a Carballo Calero* da Sociedade Cultural Medulio do Ferrol, porque foi Xohana quen me deu en privado a primeira imaxe do Carballo republicano derrotado no Ferrol de Franco: «*Gardo de tí / a fronda impenetrable / onde habita unha guerreira múseca*». Mais a obra recuperaba o Ferrol de Pablo Iglesias ou de Xaime Quintanilla pois levaba como introdución unha síntese xeral da vida e obra de RCC e como apéndice unha análise da súa crítica literaria, e nos seus apartados titulados «Memoria galeguista» e «Esquerdismo e vangarda» contiña, respectivamente, a memoria oral do intelectual sobre distintas personalidades galegas ou relacionadas con Galicia e sobre o contorno cultural e ideolóxico no que se moveu de mozo, así como o texto da súa primeira conferencia, que remataba proclamando os ideais socialistas de Traballo, Liberdade, Igualdade e Xustiza. A caricatura de Carballo feita por Luís Seoane que ilustra a cuberta do libro, a fotografía na fábrica de Sargadelos do brazo de Isaac Díaz Pardo do interior e o testemuño da memoria sobre eles contida no texto son mostras, por unha parte, dun dos moitos sectores ideolóxicos cos que tivo relación o autor da *Historia da literatura galega contemporánea* (Blanco 1991) e, e por outra, da apertura mental e humana de Díaz Pardo que foi quen de acollelo nos seus últimos anos de belixerancia reintegracionista. De feito, Edicións do Castro publicaría as compilacións por xéneros das súas obras revisadas ou a súa poesía en castelán (Díaz Pardo 2002: 297-300). Lembro como María Ignacia Ramos e mais eu escollemos as fotografías para *Carballo Calero: política e cultura* na súa casa de Compostela e como botamos de menos a memoria do protagonista do libro para a identificación de algunha persoa e, finalmente, eu tiven que acudir á memoria de Díaz Pardo.

6. Memoria nas edicións

Entre os traballos que fixen sobre o ferrolán, o único realizado por iniciativa del foi a «Presentación», a xeito de prólogo, do que sería o derradeiro libro publicado dos que o propio Carballo deixara preparados para a súa edición inmediata nos últimos momentos da súa vida: *Umha voz na Galiza*. Na mesma presentación expoño esta confección da obra:

Umha voz na Galiza ten a importancia intelectual e sentimental de ser o derradeiro libro publicado dos preparados para esa fin por Ricardo Carballo Calero (1910-1990). En efecto, el foi quen seleccionou os artigos, dispuxo a orde, estableceu o texto, deu título ao conxunto e decidiu que eu o prologa-

se, aínda que xa non puido ler estas palabras de recoñecemento polo labor aquí reunido e pola confianza que depositou en min (Blanco 1992a: 9).

Umha voz na Galiza foi publicado por Sotelo Blanco Edicións en 1992, tal como Carvalho acordara coa empresa, o outro grupo editor, xunto con Do Castro, que o acolleu nos últimos anos e que sería así, precisamente, o que publicaría as derradeiras mostras en libro dos xéneros narrativo, poético e xornalístico do autor. E *Scórpio*, *Reticências...* e *Umha voz na Galiza* recollen tres mensaxes prospectivas últimas da súa sabedoría e coñecemento máis persoais. Elas revelan aspectos da súa personalidade máis profunda e destacan o inmenso valor social da independencia persoal que podemos ver cifrado na cita do final de *Umha voz na Galiza*: «*Carmen, Carmen cantas para ti sola, modo único de cantar para todos*» (Carvalho Calero 1992: 330). A súa actitude crítica, intelixente e digna, emanada da independencia intelectual e alongada da chufa e da obediencia intereseira, propia da picaresca do servizo a varios amos, deu lugar a que, xa desde novo, padecese que dirixentes políticos con pouco olfacto non se fiasen da súa lealdade e si cresen na doutros que cambiarían constantemente de chaqueta segundo os cambios da política dominante nos ámbitos nos que se movían. Contábame que isto precisamente acontecera cando novos en Ferrol con el e Gonzalo Torrente Ballester.

Na biblioteca da súa casa en Compostela, aberta á luz da terraza e ao canto dos paxaros, ensinounos, ao meu compañeiro Claudio Rodríguez Fer e a min, diversos orixinais da súa obra inédita perfectamente preparados para ser editados con posterioridade ao seu pasamento. E así foi como, despois da súa morte e co consentimento da súa muller, editei por primeira vez o seu pequeno libro de poemas populares «O trebo das catro follas», precedido dunha análise, en *Moenia. Revista lucense de Lingüística & Literatura*, dirixida por Alexandre Veiga e Rodríguez Fer (Blanco 1997: 123-144). Este conxunto creativo e crítico reproduciríase logo no libro de homenaxe *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, ao coidado de José Luís Rodríguez e editado polo Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. Mentres escribía sobre eses versos populares lembraba como Carballo nos animaba ás nenas nos recreos do Colexio Fingoi a xogar o xogo da busca de trevos de catro follas para a boa sorte. E sempre atopabamos moitos. Mais as nenas non só xogabamos a coller follas e flores: os xogos fomentados no colexio eran moitos outros que educaban mente e corpo, desde as damas e o xadrez ao baloncesto, o deporte máis potenciado, fronte ao fútbol, que estaba prohibido.

7. Memoria de lealdade libre

Vivo e morto o escritor, fixen moitos outros traballos sobre el. Fíxenos cando se me solicitaban colaboracións para distintas publicacións. Así ocorreu en vida do autor coa revista *Luzes de Galiza*, dirixida por Manuel Rivas, onde colaborei sobre a muller no seu penúltimo libro de poemas, as *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)* que lle editara a Asociación Galega da Língua en 1986. E así ocorreu despois de morto o autor coa revista *Ínsula*, dirixida por Víctor García de la Concha, onde colaborei cunha recensión do seu último libro de poemas titulada «Carvalho Calero o la nostalgia del Edén» en 1991; coa revista *A Nosa Terra*, dirixida por Alfonso Eiré, onde colaborei cunha visión xeral do intelectual titulada «Da vida e da obra: tres Carballos» en 1991; e coa revista *FerrolAnálisis*, dirixida por Xulia Díaz Sixto, onde colaborei cunha nova visión integral do intelectual titulada «Madeira de Carballo» en 2001, escrito dedicado a María Dolores e Xosé Luís Axeitos que me regalaran o folleto *En torno a las ideas comunistas de Platón* da Biblioteca del «Centro Obrero de Cultura» impreso nos talleres tipográficos de *El Correo Gallego*. E así ocorreu tamén en vida do autor co xornal *Diario 16* de Madrid, onde publiquei en 1987 unha recensión de *Scórpico*, por encargo de César Antonio Molina para o suplemento «Culturas» que el dirixía; ou con *La Voz de Galicia* da Coruña, onde publiquei en 1990, na sección feminista colectiva «Lilith», unha homenaxe á súa muller, co título «María Silgar», e unha análise da mirada erótica á muller deportista nun poema das *Cantigas de amigo*, co título «Lanzadoras de azagaias».

Na miña tese doutoral, presentada na Universidade de Santiago de Compostela en 1994 coa dirección de Anxo Tarrío e titulada *Imaxes de mulleres na literatura galega contemporánea á luz dos discursos feministas* a poesía de Carvalho formou parte do corpus analítico, xunto coa de Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Díaz Castro, e coa narrativa de Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro. Esta parte analítica da tese deuse a coñecer logo no libro *Nais, damas, prostitutas e feirantas* publicado por Edicións Xerais de Galicia en 1995 e nel o capítulo dedicado ao poeta analiza as imaxes de mulleres na súa obra *Cantigas de amigo*, no contexto da súa poesía, baixo o título caracterizador «Carvalho Calero de Venus a Eva: a diversidade mítica e histórica das *Cantigas de amigo*» (Blanco 1995a: 119-155). Este traballo sobre Carvalho partía de versións previas como a titulada «A muller nas *Cantigas de amigo* de Carvalho Calero», presentada no libro colectivo *III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza, 1990. Actas*, editado por M^a do Carmo Henriques Salido e publicado pola Asociación Galega da Língua (Blanco 1992b: 541-555).

Como neste congreso organizado por AGAL, tamén realicei intervencións orais noutros foros diversos dedicados a Carvalho nas últimas décadas, como un relatorio na mesa redonda «R. Carvalho Calero e a literatura», con C. Paulo Martínez Pereiro, Pilar Pallarés, María Camino Noia e Carlos Quiroga, nas xornadas *Homenagem no Décimo Aniversário da Morte. Ricardo Carvalho Calero 1910-1990*, organizadas pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación Galega da Língua no 2000; como a participación na Mesa Redonda «Homenaxe a Carvalho Calero», con Esperanza Piñeiro e Mario Escudero, nas *Xornadas das Culturas Atlánticas*, organizadas polo Liceo Rubia Barcia, en Mondoñedo, Lugo e Ferrol, tamén no 2000; como a conferencia «É poeta...» nas xornadas *Ricardo Carvalho Calero no século XX galego*, organizadas por Artábria Fundación, na sala de actos da Vicerreitoría da Universidade da Coruña no Ferrol no 2008; como a conferencia «Carvalho Calero na lembranza», na *Semana das Letras: No Centenario do Nascimento de Carvalho Calero*, organizada pola Assembleia de Filoloxía na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela no 2010; ou como a participación na sesión «Ricardo Carballo Calero na memoria» nas *Xornadas Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación* na Universidade da Coruña, ás que contribuíu con este escrito de lealdade libre. E tamén compartín mesa con Carvalho en distintos actos no Instituto A Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo.

8. Teoría do Carballo galego

E na fin volvo de novo ao serio humor poético do mestre, inspirada por Manuela Aira, que vive ao pé do gran carballo de Cerracín en Friol. Eu, equivocada ou certa, publiquei o meu primeiro escrito e o meu primeiro libro co nome Carmen Blanco. El sempre me dicía que tiña que galeguizar nome e apelido. Eu no nome fun inamovible. El non. Hai un RCC con *b* e *ll* e un RCC con *v* e *lh*. Hai dous nomes. E, en boa teoría ortográfica, hai un Carballo e un Carvalho. Como en boa teoría shakesperiana hai varios Ricardos, non só un Ricardo II e un Ricardo III. Como en boa teoría céltica hai un Carvalho tricéfalo e oráculo triplo que eu presenteí en «Tres Carballos» e en «Madeira de Carballo». Porque Carvalho chegou a ser moito carballo. E en boa teoría humana, como evidencian *Scórpico* e *Reticências...*, a variedade da árbore é riquísima ao longo da súa vida no seu persoalísimo estilo arbóreo no que medran o tronco, as ramas, as pólas e as raíces. Podemos, pois, aplicarlle a teoría do carballo galego. RCC foi Rebolo, Carballo e Carvalha. E o mellor RCC sempre será reboludo.

Referencias bibliográficas

- Blanco, C. (1989): *Conversas con Carballo Calero* (Vigo: Galaxia).
- Blanco, C. (1991a): *Carballo Calero: política e cultura* (Sada – A Coruña: Edicións do Castro).
- Blanco, C. (1991b): «Da vida e da obra: tres Carballos», Carballa, X. *et alii*, (coords.), *A Nosa Terra. 13. Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*, 8-13 (Vigo: Promocións Culturais Galegas).
- Blanco, C. (1992a): «Presentación», en Carvalho Calero, R., *Umha Voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)*, 7-12 (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Blanco, C. (1992b): «A muller nas *Cantigas de amigo* de Carvalho Calero», en Henríquez Salido, M. C. (ed.), *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, 541-555 (A Coruña: Associação Galega da Língua).
- Blanco, C. (1995a): *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Vigo: Xerais).
- Blanco, C. (1995b): *Mulleres e independencia* (Sada – A Coruña: Edicións do Castro).
- Blanco, C. (1996): «Como proxectaba Carballo Calero a figura de Ferro Couselo na Universidade», en Gay Parga, T. (coord.), *Ferro Couselo. Un devanceiro* (Lugo: Citanía).
- Blanco, C. (1997): «O Trebo das catro follas: Un poemario popular inédito de Carballo Calero», *Moenia: revista lucense de lingüística & literatura* 2, 123-144.
- Blanco, C. (2001): «Madeira de Carballo», *FerrolAnálisis*, 114-117 (Ferrol: Club de Prensa de Ferrol).
- Blanco, C. (2008): *Atracción total* (Vigo: Xerais).
- Blanco, C. (2008b): «A voz do avó: Silverio García Goyanes miliciano», *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* 13, 135-144 (Sada – A Coruña: Edicións do Castro).
- Carballo Calero, R. (1985): «Sobre o seu teatro», *Cadernos da Escola Dramática Galega* 56 (A Coruña: Escola Dramática Galega).
- Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Carballo Calero, R. (2006): *Epistolario a Fernández del Riego* (Vigo: Galaxia).

Díaz Pardo, I. (2002): «Algúns recordos de Carvalho Calero», López, T, e Salinas, F. (Ed.), *Actas do Simposio «Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século»*, 297-300 (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña & Asociación Socio-Pedagóxica Galega).

Graña Pérez, B. (2003): *Voces da memoria. Galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista* (Santiago de Compostela: Concello de Santiago & Universidade de Santiago de Compostela).